

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: Óscar Nieto Palmeiro	
Enderezo electrónico: palmeiro@uvigo.es	Teléfono:
Co-dirección do proxecto	
Bienio	2020 - 2022
Número de participantes (máx. 4)	1

Título

Estudo da capacidade de adsorción de zinc da macroalga *Ulva lactuca*

Resumo

A capacidade das macroalgas de actuar como axentes bioindicadores é un fenómeno que se ven estudando nas últimas décadas debido aos altos índices de contaminación. No caso concreto de *Ulva lactuca*, proposta como obxecto deste estudo, ofrece as calidades biolóxicas e químicas idóneas para converterse nun bo indicador de metais pesados. A ampla dispersión xeográfica desta especie nas costas galegas así como a alta concentración de alxinatos que as especies bentónicas presentan, fan que esta especie poda ser unha gran candidata a bioindicador.

Obxectivo

Realizar un estudo da capacidade de adsorción dun metal pesado (Zn) pola macroalga *Ulva lactuca* mediante un bioensaio.

Plan de Traballo

Redacción do proxecto. Nunha primeira fase do programa STEMBach (primeiro trimestre 1º de bacharelato), redactarase o proxecto do traballo de investigación, identificando a problemática obxecto de estudo e as variables necesarias. Realizarase unha búsqueda de uniformación bibliográfica.

Obtención de datos. (2º e 3º trimestre de 1º de bacharelato). Realizarase a parte experimental: recollida de mostras, bioensaio, análise química das mostras e obtención de datos.

Redacción da memoria. (1º trimestre de 2º de bacharelato). Interpretaranse os datos obtidos extraendo as principais conclusións. Redactarase a memoria do proxecto.

Defensa do proxecto. (2º trimestre de 2º de bacharelato). Elaborarase unha presentación audiovisual para a defensa do proxecto diante do tribunal avaliador.